

RESOLUCIÓN REITORAL SOBRE O ACCESO DE ALUMNOS NON TITULADOS AOS CURSOS DE MÁSTER

A Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, establece no seu artigo 34.3 que “as universidades poderán establecer ensinanzas conducentes á obtención de diplomas e títulos propios así como ensinanzas de formación ao longo de toda a vida...” A normativa específica que regula este tipo de ensinanzas recóllese nos Reais Decretos 86/1987, de 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de homologación de títulos estranxeiros de educación superior (B.O.E. do 23 de xaneiro); 1496/1987, do 6 de novembro sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios (B.O.E. do 12 de decembro); e 1497/1987, do 27 de novembro, con modificacións posteriores, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (B.O.E. do 14 de decembro).

Ningunha destas normativas establece os requisitos que deberán cumprir os alumnos para acceder a ditos estudos, sendo establecidos nos regulamentos de estudos propios de cada Universidade. No caso da Universidade de Santiago de Compostela, o *Regulamento dos estudos de posgrao e de formación continua* dispón no seu artigo 3:

“En xeral, para acceder a un Máster será necesario estar en posesión dun título universitario correspondente ao segundo ciclo. Excepcionalmente, cando a especificidade dun Máster concreto e a súa conexión coa formación de posgrao de titulados universitarios de primeiro ciclo esté suficientemente xustificada, poderán acceder tamén a estes estudos os titulados de primeiro ciclo.”

Sendo conscientes da importancia de facilitar a matrícula en cursos de posgrao a alumnos que non teñan superados o total de créditos para obter o título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto; tendo en conta que outras Universidades, sensibles a este problema, posibilitan o acceso a estudantado do segundo ciclo con algunha materia pendente; e tendo en conta o parecer da Comisión de Posgrao expresado na súa reunión do 14 de outubro de 2004,

ESTE REITORADO RESOLVE:

Poderán ser admitidos nun curso de Máster, cando así se dispoña na programación deste ou por acordo posterior da Comisión de Posgrao, os alumnos que teñan superados os créditos do primeiro ciclo de titulacións de dous ciclos, sempre que non lle falten máis de 30 créditos para obter a titulación. En todo caso, para poder obter o título de Máster o alumno deberá posuír a condición de titulado antes de acabar o ano académico correspondente aos estudos. Os alumnos que cursaran estudos nun Máster e non tiveran dereito ao título poderán solicitar unha certificación de ditos estudos.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2004


O REITOR

Senén Barro Ameneiro

Excmo. Sr. Vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente
Ilmo. Sr. Secretario Xeral
Xefe do Servizo de Xestión Académica